Sipylus e a señora D´Eon

Das case mil persoas que hoxe se congregaron aquí, vostede foi a única que se parou a falar comigo, interesándose polo meu nome a miña procedencia e atendendo as miñas indiscrecións. O que xa demostra que é vostede humana e accesible

- O seu nome?

- D'Eon.

- Señor ou señora?

- Señora, por ineficacia masculina. E... si apunte, apunte. Ineficacia, nunca insuficiencia. A insuficiencia é unha característica que non permite a miña condición ambivalente. E o seu nome, se non é moita a indiscreción?

- Señora D'Eon, eu son só o responsable de custodiar esta porta, tomando nota dos que entran, porque os que saen xa non son cousa miña. Normalmente, tratándose dunha festa de categoría, os que saen, fano nun estado tan... cuestionable, que se precipitan por unha outra saída oculta a ollos indiscretos.

- Con todo, gústame coñecer o nome de quen me obriga a dar explicacións tan... íntimas.

- Sipylus, señora. O meu pai era un grande poeta, Girolamo Fracastoro, e non ovelleiro como se comenta nos círculos literarios. Italiano de procedencia, aínda que eu nacín en España, criado por unha familia humilde, que gañaba o xornal cruzando a Península cun rabaño transhumante. De aí a gravísima confusión dos eruditos.

- Vade retro Satanás! O meu último sys-philos (porco-amante), deixoume marcada de por vida con esa enfermidade. Pero, dígame, sendo vostede de condición tan ilustre, como consente en realizar este traballo tan irrelevante? Senón pola información que obtén de convidados e asistentes en xeral, aos que inquirirá, coa insistencia debida, sobre os particulares da súa vida sexual, como operou comigo.

- Por iso, e porque de todo canto se ofrece no banquete, eu sacarei as sobras.

- Pouco beneficio.

- O beneficio é sempre relativo. Cómpre salientar que o coñecemento poucas veces dá un rendemento a curto prazo, mostrándose, pasado o tempo, como determinante á hora de recuperar o investido, xunto con cuantiosas ganancias.

- Intelixente reflexión!

- É moito máis que iso, señora. Se me permite explicarme. Toda esa xente, ces gens-là, que vostede ve entrar e da que, mi raccomando, nunca deberá fiarse, é posuidora dos

máis suculentos segredos. Uns, grazas a un posto privilexiado na banca internacional, dispoñen de oráculos particulares, con datos financeiros do máis alto interese. Por outra banda, os homes que abalan por toda a estancia con roupas de deseño, coñecen de primeirísima man as máis escuras debilidades daqueloutras mulleres que ollan para eles e sorrín cinicamente, por ser estes os que as visten e, consecuentemente, ademais dos seus propios maridos, os que as ven espidas e realmente como son.

- É vostede, polo que vexo, un home versado.

- Non señora, son un ignorante vido dun ermo que como o fibrocemento, é frío en inverno e quente no verán. A miña afouteza reside na observación.

- E sendo vostede así de observador, que diría da miña persoa, como convidada e asistente en xeral a este evento, ágape, celebración?

- Non se preocupe Señora D'Eon, a miñas conclusións ao vela e ter o pracer de disertar con vostede, son moi positivas.

- Explíquese, se non é moita a molestia.

- Ben, das case mil persoas que hoxe se congregaron aquí, vostede foi a única que se parou a falar comigo, interesándose polo meu nome e a miña procedencia. O que xa demostra que é vostede humana e accesible. Por outra banda, malia as referencias que poñían en cuestión a posición das persoas que acceden ao festín, non notei na súa persoa alarma ningunha, manténdose atenta ás miñas indiscrecións, o que redunda na miña deducción primeira. Ademais, permitiume falar, e agardou algún silencio meu para introducirse na conversa con algún argumento ou demanda axeitada, o que demostra que é unha persoa educada nas boas maneiras, ademais de boa conversadora. Malia caída da noite, a friaxe e a incomodidade que para vostede podía supor falar de pé máis fóra que dentro da vivenda, en ningún momento quixo deixar pasar a oportunidade de falarmos, o que nos remite aos argumentos inferidos anteriormente. Ao mesmo tempo, sabéndose dunha clase distinta da dun servidor, non tivo problema en deixarse ver dirixíndose, durante un longo período, a unha persoa do servizo.

- Agrádanme dunha maneira considerable as súas apreciacións. Pero, como comprenderá, debo desconfiar. Os seus argumentos, extraordinariamente considerados, non van en consonancia coa mentalidade práctica que me expuña non hai moito tempo, ao comezo da nosa conversa. Sentíndome gabada, eloxiada, enaltecida polas súas palabras, con todo, chego a cuestionarme sobre as súas verdadeiras intencións, xa que, como persoa próxima aos círculos de éxito, saberá como encomiar as calidades dos seus patróns, malia que, como xa demostrou, o seu pensamento diste moito de tales louvanzas. Co que, considerando como certas as súas palabras, busco saber a contrapartida, xa que, malia que fermosas, son pouco prácticas.

- Unha vez máis, non podo senón encarecer a súa suspicacia. Se ben todo canto dixen anteriormente era certo, e moi sentido, pola miña parte. Dende que se aproximou á porta, souben que de vostede nunca debería temer nada. E xa non polo seu talante afable e a súa cultivada educación, senón porque as louvanzas, que no mundo dos pobres sen nada que perder terían un inestimable efecto, aquí son moito máis que unha eiva, rozando a herexía, polo que máis que un eloxio, as miñas impresións eran un desafecto.

Se ben, a miña misión nestas latitudes é buscar o coñecemento xusto, que a medio prazo me permita subir na pirámide alimentaria, a súa pretensión hoxe, aquí, era conseguir, dunha maneira rápida e con máis ben poucos escrúpulos, un sitio dentro dun mundo que nos mantén pretensiosos e conspirantes. Sempre aspirando a algo que consideramos próximo e afastado a un tempo. Vivo sempre, pola ansia de conseguir a cada intre un chisco máis, que nos separe da banal existencia que consideramos nos veu outorgada indebidamente. Pero, sen sabelo, axudamos a perpetuar unha forma de vida, á que, por moito que turre a nosa insistencia sempre cruel, nunca habemos pertencer.

- Entendo as argumentacións que esgrime contra min, pero nunca defenderei que é máis vil a miña postura que a dun ladrón de almas, que xoga coa debilidade que outros buscan ocultar, ou que se lucra coas capacidades doutros para o latrocinio, sendo un mesmo torpe e incapaz. Recoñezo, por tanto, o seu método, que para o contrato social será sempre xustificable, pero ampárome na miña sutil fermosura, quen de amar e proporcionar o amor e coidados que outros precisan.